



En 1963, a Real Academia Galega impulsou a celebración dun evento que homenaxease a creación literaria en galego e a defensa da lingua. No seu momento, homenaxeou a Rosalía de Castro, por esta razón elixiu o 17 de maio, para conmemorar a publicación en Vigo do seu libro máis coñecido "Cantares galegos".

Tras esta primeira celebración, a RAG decidiu que cada edición sería dedicada a un escritor diferente, elixido en todo caso por esta mesma organización. O único requisito para que un personaxe importante da literatura galega sexa recoñecido nesta data, e que pasen, polo menos, dez anos do seu falecemento.